



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 13 DE XANEIRO DE 2023 POLA QUE SE RESOLVE O PROCEDIMENTO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE ASESOR/A TÉCNICO/A, ADSCRITO AO SERVIZO DE CONTABILIDADE E CONTAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN.

O presidente da Deputación Provincial con data 13 de xaneiro de 2023 adoptou, entre outras, a seguinte resolución:

1º.- Poñer fin ao procedemento selectivo para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo de ASESOR/A TÉCNICO/A (nº 1268) da Deputación provincial de Lugo, adscrito ao Servizo de Contabilidade e Contas; e nomear para o desempeño das funcións e tarefas do citado posto á funcionaria de carreira, Dona Isabel María Fuentes Torices, por reunir, ademais dos requisitos esixidos na convocatoria, a maior idoneidade, en termos de mérito e capacidade, dos aspirantes presentados.

2º.- Ordenar a publicación desta resolución no BOP, no Taboleiro da Deputación e na páxina Web da Entidade apartado emprego público- RRHH".

O que se da publicidade en cumprimento do art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación de que a presente resolución pon fin á vía administrativa polo que contra esta cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a presidencia da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ou recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, 13 de xaneiro de 2023.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0105

ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL. SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DO 2022.

De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a xestión das subvencións rexerese, entre outros, polos principios de publicidade e transparencia.

En cumprimento do disposto no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, e no artigo 11.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 82, do 13 de abril de 2021), dáse publicidade ás subvencións directas nominativas e excepcionais tramitadas pola Sección de Promoción Económica e Emprego (Área de Promoción Económica e Social e Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento) da Deputación Provincial de Lugo no cuarto trimestre do ano 2022:

Sección de Promoción Económica e Emprego (Área de Promoción Económica e Social)

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación	Importe	Órgano de Aprobación
Asoc. de Comerciantes Industriais e Autónomos de Burela (ACIA Burela)	G27426840	Excepcional	Campaña Praciñas de Nadal en Burela	2410.48911	2.500,00 €	Presidencia
Federación de Asociacións de Comercio de la Confederación Provincial de Empresarios de Lugo	G27190602	Excepcional	Gala de outono do comercio da provincia de Lugo	2410.48911	50.000,00 €	Xunta de Goberno
Asociación de Distribuidores de Hostalería e Alimentación de Lugo	G02967834	Excepcional	Punto TESP	4330.48900	15.000,00 €	Xunta de Goberno
Asociación Profesional Gandeiros de Lugo	G27310044	Excepcional	Servizo de asesoramento sobre pastoreo tradicional	2410.48911	35.000,00 €	Xunta de Goberno (Addenda)

Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación	Importe	Órgano de Aprobación
Universidade de Santiago de Compostela (USC)	Q1518001A	Nominativa	Convenio interadministrativo USC	3261.48900	370.500,00 €	Presidencia

Lugo, 9 de xaneiro de 2023.- "O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0053

CONCELLOS**COSPEITO***Anuncio***ANUNCIO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DO CALENDARIO FISCAL DO EXERCICIO 2023 DO CONCELLO DE COSPEITO (LUGO).**

A Alcaldía – Presidencia do Concello de Cospeito (Lugo) ditou Resolución núm. do 30 de decembro de 2022 cuxo contido literal é o seguinte para público coñecemento:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

Considerando que a Base 58ª das Bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2022 establece literalmente o seguinte:

“(…)1.- Os servizos económicos do Concello elaborarán os Padróns de taxas e prezos públicos de cobro periódico.

2.-Acomezo do exercicio aprobarase e publicarase o calendario fiscal dos produtos de cobro periódico, facendo constar que a exposición pública dos padróns terá lugar durante os quince días anteriores ó inicio da súa cobranza.

3.- Así mesmo, publicaranse os anuncios de cobranza cocontido e nos términos fixados polo artigo 24 do RD 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.(…)”

Considerando o establecido nas ordenanzas fiscais vixentes reguladoras das taxas e prezos públicos pola prestación de servizos municipais en relación co devengo e o período de cobro de liquidacións de contraído previo e ingreso por recibo.

Vista a proposta de calendario fiscal formulada pola Tesourería Municipal, esta Alcaldía –Presidencia, en virtude do establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 41.19 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

RESOLVE:

PRIMEIRO. Aprobar o calendario fiscal do exercicio 2023, de acordó co seguinte detalle de conceptos tributarios e ingresos de dereito público, devengo e prazos de cobro en período voluntario:

A) PRAZOS DE COBRO EN PERÍODO VOLUNTARIO:

1. Liquidacións mediante padróns fiscais de contraído previo e ingreso por recibo:

Concepto	devengo	Período voluntario de cobranza	
		Inicio	Remate
Taxas abastecemento de auga.	3º T 2022	10/01/2023 Y	10/02/2023 Y
Taxas servizo de sumidoiros	4º T 2022	22/02/2023	28/03/2023
Taxas servizo de recollida domiciliaria de lixo	1º T 2023	27/04/2023	28/06/2023
Canon autonómico de auga	2º T 2023	27/07/2023	28/09/2023
	3º T 2023	28/10/2023	28/12/2023
Taxas prestación do servizo de Axuda no Fogar	Liquidacións mensuais por domiciliación bancaria	Do día 1 de cada mes	Ata o día 15 do mesmo mes
Taxas prestación do servizo da Gardería Infantil (1)	Liquidacións mensuais por domiciliación bancaria	Do día 1 de cada mes	Ata o día 10 do mesmo mes
Prezo público polo servizo das Escolas Deportivas (2)	Liquidacións mensuais por domiciliación bancaria	Do día 5 de cada mes	Ata o día 15 do mesmo mes
Concepto	devengo	Período voluntario de cobranza	
		Inicio	Remate
Prezo público polo servizo de préstamo de material ortoprotésico	Liquidacións mensuais por domiciliación bancaria	Do día 1 de cada mes	Ata o día 15 do mesmo mes
Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios e con acceso directo a vía pública	Liquidación anual por padróns	27/04/2023	28/06/2023
Taxa por aproveitamento especial da vía pública con entradas de vehículos e reserva de vía pública	Liquidación anual por padróns	27/04/2023	28/06/2023

(1) No mes de vacacións estivais producirase a suspensión temporal da cota por peche das instalacións (artigo 6.a) da ordenanza Fiscal reguladora da taxa – BOP núm. 274/2008 do 27/11).

(2) Durante os meses de prestación do servizo.

2. Liquidacións de contraído previo e ingreso directo:

Concepto	Período voluntario de ingreso	
	Inicio	Remate
Imposto sobre construcións, instalacións e obras	Notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes	Ata o día 20 do mes seguinte de notificación da liquidación
	Notificadas entre os días 16 e o último de cada mes	Ata o día 5 do segundo mes seguinte de notificación da liquidación

B) MODALIDADES E LUGARES DE PAGO DOS TRIBUTOS E DEMAIS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO:**1. Liquidacións mediante padróns fiscais de contraído previo e ingreso por recibo:**

I) Mediante domiciliación bancaria comunicada ao Concello a través dos modelos oficiais establecidos ao efecto no servizo de recadación. Os cargos en conta corrente dos recibos domiciliados realizarase nos seguintes prazos:

i) Nas liquidacións dos padróns de taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, saneamento e recollida domiciliaria de lixo dentro dos primeiros 30 días do inicio do período voluntario de ingreso.

ii) Nas taxas pola prestación dos servizos de Axuda no Fogar e Gardería Infantil o último día do período de cobro de cada mes.

iii) No prezo público pola prestación do servizo de Escolas Deportivas o último día do período de cobro de cada mes.

iv) No prezo público pola prestación do servizo de préstamo de material ortoprotésico o último día do período de cobro de cada mes.

v) Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios e con acceso directo a vía pública dentro dos primeiros 30 días do inicio do período voluntario de ingreso.

vi) Taxa por aproveitamento especial da vía pública con entradas de vehículos e reserva de vía pública dentro dos primeiros 30 días do inicio do período voluntario de ingreso.

II) Mediante ingreso nas contas restrinxidas de recadación das Entidades colaboradoras no servizo de recadación de tributos debidamente autorizadas por esta Entidade local (Santander, ABANCA e Caixa Rural Galega), de luns a venres en horario de atención ao público, cando se trate dos seguintes conceptos tributarios non domiciliados:

i) Taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros, recollida domiciliaria de lixo e canon autonómico de auga.

2. Liquidacións de contraído previo e ingreso directo:

I) Mediante ingreso nas contas operativas municipais abertas na Entidades financeiras que prestan servizo de caixa do Concello de Cospeito (ABANCA, Banco Santander e Caixa Rural Galega), de luns a venres en horario de atención ao público, dos seguintes conceptos tributarios e demais ingresos de dereito público:

i) Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

ii) Alta na prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros, e recollida domiciliaria de lixo.

iii) Alta na prestación dos servizos de Axuda no Fogar e Gardería Infantil.

iv) Taxas pola prestación dos servizos de Axuda no Fogar e Gardería Infantil por liquidacións de contraído previo e ingreso domiciliados por recibo declaradas impagadas e que procede notificar como liquidacións de ingreso directo.

v) Prezo público pola prestación do servizo de Escolas Deportivas, por liquidacións de contraído previo e ingreso domiciliados por recibo declaradas impagadas e que procede notificar como liquidacións de ingreso directo.

vi) Prezo público pola prestación do servizo de préstamo de material ortoprotésico por liquidacións de contraído previo e ingreso por recibo domiciliados declaradas impagadas e que procede notificar como liquidacións de ingreso directo.

vii) Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios e con acceso directo a vía pública.

vii) Taxa por aproveitamento especial da vía pública con entradas de vehículos e reserva de vía pública

3. Autoliquidacións:

I) Mediante ingreso nas contas operativas municipais abertas na Entidades financeiras que prestan servizo de caixa do Concello de Cospeito (ABANCA, Banco Santander e Caixa Rural Galega), de luns a venres en horario de atención ao público dos seguintes conceptos tributarios e ingresos de dereito público:

i) Autoliquidacións pola prestación do servizo de utilización de instalacións deportivas se culturais.

ii) Autoliquidacións pola prestación dos servizos de expedición de documentos administrativo e outros trámites administrativos municipais.

C) Recargos aplicables sobre as débedas ingresadas fora de prazo:

Modalidade	Porcentaxe de recargo
Débedas ingresadas antes da notificación da providencia de constrinximento	Recargo executivo do 5 %
Débedas ingresadas tras a notificación da providencia de constrinximento e dentro do prazo concedido por ela	Recarga reducido do 10 %
Débedas ingresadas tras a notificación da providencia de constrinximento e foro do prazo concedido por ela	Recarga ordinario do 20 %

Advirtese que transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento, logo do devengar o recargo de prema, xuros de demora, e no seu caso, os gastos que se produzan.

SEGUNDO. Este calendario é susceptible de impugnación en vía contencioso –administrativa polos que sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos, sen que a interposición do recurso interrompa a súa aplicación.

TERCEIRO. Resérvase a esta Alcaldía a facultade de modificar o presente calendario, en todo aquilo que non veña imposto por disposicións legais ou regulamentarias, cando por motivos de índole técnica debidamente xustificadas, impida a xestión dos recursos económicos indicados nas datas sinaladas.

CUARTO. Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que éste celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Cospeito, 10 de xaneiro de 2023.-O manda e asina o Sr. Alcalde, D. Armando Castosa Alvariño, do que eu como Secretaria dou fe.”

R. 054

A FONSGRADA**Anuncio**

Procedemento: Aprobación dun Padrón Fiscal

Expediente número: 3/2023

Asunto: Anuncio no Boletín Oficial da Provincia sobre a aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de decembro do 2022

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 10 de xaneiro de 2023, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de decembro de 2022, polo importe total de 11.849,74 € (dependencia) e 235,20 € (prestación básica).

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 10 de xaneiro de 2023.-O Alcalde, Carlos López López.

R. 0055

LOURENZÁ

Anuncio

Advertido un erro no anuncio publicado no BOP. Núm. 297 de data 29/12/2022 referente ao enderezo electrónico na sede electrónica deste Concello, no parágrafo onde dí:

“-La dirección de referencia de la sede electrónica será: <https://www.concellodelourenza.sedelectronica.gal>”

Debería dicir:

“-La dirección de referencia de la sede electrónica será: <https://concellodelourenza.sedelectronica.gal>”.

Lourenzá, 10 de xaneiro de 2023.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 0056

LUGO

Anuncio

En cumprimento da normativa vixente notifícolle o contido íntegro do Decreto nº 11502/2022, de data 28 de novembro de 2022, do teor literal seguinte:

Ilma. Sra. D^a. Tareixa A. Ferreiro Tallón, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

Instruído o expediente relativo a: **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INCUMPRIMENTO DAS BASES PARA A AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS E POSTOS DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN: Samba Seye, titular da autorización para instalación do stand de venda nº 39 e 40, ubicado na Avda. Rodríguez Mourelo.**

Visto o informe do Xefe de Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, de data: 24 de novembro de 2022, no que se fai constar:

“ASUNTO: PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INCUMPRIMENTO DAS BASES PARA A AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS E POSTOS DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN: Samba Seye, titular da autorización para instalación do stand de venda nº 39 e 40, ubicado na Avda. Rodríguez Mourelo.

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1.- Acordo número 8/336 da Xunta de Goberno Local, de data 15 de xuño de 2022, de aprobación das Bases para a autorización da instalación de atraccións e postos durante as Festas de San Froilán dos anos 2022 e 2023 con posibilidade de prórroga para o ano 2024 (EXP. 2022-C005-000011).

2.- Proposta do Comisario do Feiral, na parte expositiva da cal se fai constar o seguinte:

<<Téndose observado por quen subscribe o incumprimento do estipulado nas ditas Bases, no relativo a:

- Ocupar mais espazo do autorizado según o constatado o longo de todos os días de instalación dende o día 4/10/2022.

por parte de D/D^a: Samba Seye

con NIF/NIE nº X1450034E

titular do posto/atracción: stand de venda nº 39 e 40, ubicado na Avda. Rodríguez Mourelo

Compre indicar que conforme ao estipulado na mencionada Base Décimo Quinta:

“...
2. Serán consideradas como incumprimentos graves:
...
Ocupar máis espazo do autorizado
...
- As infraccións graves serán sancionadas co peche ou recinto da atracción ou posto por un período non inferior a 24 horas ou extinción da autorización e/ou con multas de ata 2.000,00 euros.
...
7. En calquera caso, para a imposición de sancións incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgará audiencia á persoa beneficiaria da autorización para os efectos de formulación de alegacións e

2. Serán consideradas como incumprimentos graves:

...

Ocupar máis espazo do autorizado

...

- As infraccións graves serán sancionadas co peche ou recinto da atracción ou posto por un período non inferior a 24 horas ou extinción da autorización e/ou con multas de ata 2.000,00 euros.

...

7. En calquera caso, para a imposición de sancións incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgará audiencia á persoa beneficiaria da autorización para os efectos de formulación de alegacións e

presentación de cantos documentos estime conveniente na defensa dos seus dereitos; todo isto de conformidade coa Lei 39/2015. Será competente para incoar e resolver o expediente sancionador a Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

De conformidade co artigo 56 da Lei 39/2015 na resolución de incoación de expediente sancionador poderán adoptarse as medidas provisionais establecidas no dito artigo.

..."

Neste sentido, estímase conveniente poner estes feitos no coñecemento do dito interesado aos efectos oportunos, de formulación de alegacións e de presentación de cantos documentos estime conveniente na defensa dos seus dereitos, de conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), **proponéndose a adopción da medida provisional prevista no artigo 56 LPACAP de SUSPENSIÓN TEMPORAL DE ACTIVIDADES por un período de 24 horas dende as 0:00 h. ata as 24:00 h. do martes 11 de outubro de 2022**, que se entende ponderada e proporcional ao incumprimento sinalado e que se considera necesaria para asegurar a eficacia da resolución que puidera recaer no procedemento sancionador que corresponde.>>

3.- Decreto Nº 9852/2022, de data 10 de outubro de 2022, da Ilma. Tta. de Alcaldesa delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, de "incoación do expediente sancionador a Samba Seye, con NIF/NIE nº X1450034E, titular da autorización para instalación de stand de venda nº 39 e 40, con base nos feitos recollidos no informe do Comisario do Feiral de data, 10/10/22, poñéndose no seu coñecemento aos efectos oportunos, de formulación de alegacións e de presentación de cantos documentos estime conveniente na defensa dos seus dereitos, de conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)", onde se adoptaba a "medida provisional de suspensión temporal da actividade por un período de 24 horas, dende as 0:00 h. ata as 24:00 h. do martes 11 de outubro de 2022, para asegurar a eficacia da resolución que puidera recaer no procedemento sancionador incoado, por considerala ponderada e proporcional respecto ao tipo de incumprimento a valorar, conforme ao establecido nas Bases do concurso de referencia e no artigo 56 LPACAP", debidamente notificado a efectos das alegacións e recursos que se estimaran procedentes.

4.- Alegacións efectuadas polo interesado onde **aceptando os feitos expostos polo Comisario do Feiral e a medida provisional imposta**, lamenta a infracción cometida e comprométese a respectar as medidas do espazo autorizado.

5.- Manifestación do Comisario do Feiral de que se cumpriu sen incidencias a medida cautelar e que se amosou na súa aplicación un comportamento adecuado e respectuoso coas normas.

compre indicar que,

a vista dos antecedentes expostos, considéranse probados os feitos postos de manifesto polo Comisario do Feiral no seu informe e que se concretan en "Ocupar máis espazo do autorizado según o constatado o longo de todos os días de instalación dende o día 4/10/2022", por parte de don Samba Seye, con NIF/NIE nº X1450034E, titular do posto/atracción: stand de venda nº 39 e 40, ubicado na Avda. Rodríguez Mourelo.

Ditos feitos, conforme ao estipulado na Base Décimo Quinta, das que rexeron a autorización da instalación de atraccións e postos durante as festas de San Froilán, aprobadas por acordo nº 8/336, da Xunta de Goberno Local do día 15 de xuño de 2022, constitúen un incumprimento grave:

"...

2. Serán consideradas como incumprimentos graves:

...

Ocupar máis espazo do autorizado.

...

- As infraccións graves serán sancionadas co peche ou precinto da atracción ou posto por un período non inferior a 24 horas ou extinción da autorización e/ou con multas de ata 2.000,00 euros. "

Non obstante o anterior, ponderados os mencionados antecedentes e visto o alegado polo infractor e a súa vontade de emenda, así como o efectivo cumprimento da medida cautelar imposta, enténdese suficiente e proporcionada a sanción consistente no peche da atracción ou posto por un período de 24 horas, coincidente coa medida cautelar xa cumprida.

Conforme ao establecido no artigo 85 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, tendo recoñecido o infractor a súa responsabilidade, procédese a resolución do procedemento.

Á vista do anteriormente exposto e en virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribucións delegadas segundo acordo da Xunta de Goberno Local núm. 28/452, de 17/07/2019 e Decreto núm. 2973/2021 de 16/04/2021 na súas actuais redaccións, e conforme ás mencionadas Bases para a autorización da

instalación de atraccións e postos **PROPONSE** para a súa aprobación pola tenente de alcaldesa titular da Área, mediante a correspondente resolución:

PRIMEIRO.- Aprobar a sanción proposta a Samba Seye, con NIF/NIE nº X1450034E, titular do posto/atración: *stand* de venda nº 39 e 40, ubicado na Avda. Rodríguez Mourelo, consistente no peche da atracción ou posto por un período de 24 horas, coincidente coa medida cautelar imposta.

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos recursos correspondentes.

É canto procede informar."

En virtude das atribucións que lle confiren á Alcaldía e a Xunta de Goberno Local os artigos 124 e 127 respectivamente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno, administración do Concello (ROMGA), atribucións delegadas segundo acordo XGL número 28/452, de 17/7/2019 e Decreto núm. 2973/2021 de 16/04/2021 na súas actuais redaccións, e conforme ás mencionadas Bases para a autorización da instalación de atraccións e postos,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a sanción proposta a Samba Seye, con NIF/NIE nº X1450034E, titular do posto/atración: *stand* de venda nº 39 e 40, ubicado na Avda. Rodríguez Mourelo, consistente no peche da atracción ou posto por un período de 24 horas, coincidente coa medida cautelar imposta.

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás dependencias e servizos municipais afectados e notificar ás persoas interesadas, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Alcaldía / Xunta de Goberno (resolvendo a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local, segundo a atribución delegada) e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Cúmprase.

O que se lle traslada para o seu coñecemento e oportunos efectos.

DON Samba Seye (X-1450034-E)

Lugo, 28 de novembro de 2022.- Xosé Manuel Cao Rei.

R. 0057

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA DECEMBRO 2022 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 26.12.2022 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de decembro de 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 03.02.2023 ata o 03.04.2023.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 10 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0058

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PÚBLICOS ESCOLAS MÚSICA E DANZA DECEMBRO 2022

Por Xunta de Goberno Local do día 26.12.2022 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de decembro de 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 03.02.2023 ata o 03.04.2023.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 10 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0059

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA RECOLLIDA DO LIXO 6º BIMESTRE DO EXERCICIO 2022 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 26.12.2022 aprobouse o padrón da Taxa pola recollida, tratamento e eliminación de Lixo do sexto bimestre do exercicio 2022 (novembro-décembro)

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expórase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 28.02.2023 ata o 28.04.2023.

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polo concepto da Taxa pola recollida, tratamento e eliminación de Lixo, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 10 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0060

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas DECEMBRO 2022 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 26.12.2022 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de decembro 2022.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 03.02.2023 ata o 03.04.2023.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 10 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 24.01.2022, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0061

MONTERROSO

Anuncio

Aprobado inicialmente en sesión Plenaria desta Corporación, de data 10 de xaneiro de 2023, o orzamento xeral, bases de execución, e cadro de persoal para o exercicio económico 2023, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e demais disposicións concordantes, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días que empezarán a contarse dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ó Sra. Alcaldesa desta Corporación.

De conformidade co acordo adoptado o orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se formulan reclamacións.

Monterroso, 11 de xaneiro de 2023.- A alcaldesa, Rocio Seijas Vázquez.

R. 0062

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Cumprido o tramite de exposición pública da modificación da ordenanza que se indica a continuación sen que se presentase reclamación algunha considérase definitivamente aprobada co texto que figura a continuación:

2.07ª.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo subministro de auga.

1. Artigo 1º.-Concepto.

Ao abeiro do establecido nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, este Concello establece a Taxa por subministro de auga que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

2. Artigo 2º.- Obrigados ó pagamento.

Están obrigados ó pagamento do taxa, regulado nesta Ordenanza, aquelas persoas que se beneficien dos servizos ou actividades prestados ou realizados por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

3. Artigo 3º.-Contía.

- Aos efectos desta ordenanza, enténdese por acometida a primeira alta no servizo para cada vivenda ou local e o seu entronque na rede de abastecemento. A canalización necesaria que exceda dos vinte metros será por conta do solicitante. Este poderá optar por facer a parte da acometida ao seu cargo directamente, ou que a faga o concello aboando o custo correspondente. Enténdese por enganche, cada unha das sucesivas altas que no seu caso se produzan ó longo da vida do servizo.
- Con efectos de un de xaneiro de cada ano a partir de 2013, inclusive, as contías indicadas experimentarán un incremento porcentual igual ao incremento do I.P.C. entre o día un de xaneiro e o trinta e un de decembro do ano anterior.
- A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada na tarifa seguinte:

CONCEPTO	2010	2011	2012
1. Mínimo mensual de mantemento	2,30€	2,65€	3,04€
2. Tarifa por consumo para tódolos usos por m ³ .	0,30€	0,34€	0,40€
3. Dereitos de acometida a Pobra de Brollón, usos domésticos.	21,50€	24,73€	28,44€
4. Dereitos de acometida na Pobra de Brollón, demais usos.	28,67€	32,97€	37,92€
5. Dereitos de acometida no resto do Concello, tódolos usos	358,37€	412,12€	473,94€
6. Dereitos de acometida por cada metro que exceda dos 20 en todo o concello			10,00 €
6. Dereitos de enganche en todo o Concello, tódolos usos	57,50€	66,13€	76,04€

4. En caso de avaría no contador, facturarase, durante todo o período afectado, dende a última lectura anterior ata a solución da avaría, unha cantidade proporcional o consumo medio do ano natural anterior incrementado nun vinte por cento.

5. Quen utilice a auga dos abastecementos municipais para usos distintos dos previstos no artigo 1º, ou especialmente a utilice para regar nos meses de Xullo a Setembro, será sancionado cunha multa de 90,15€ a primeira vez, 180,30€ a segunda e 450,76€ a terceira, e o corte do subministro na cuarta.

4. Artigo 4º.- Obriga de pagamento.

- A obriga de pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza, nace dende que se inicie a prestación do servizo, e a súa facturación e cobro realizaranse con periodicidade semestral.
- O pagamento do devandito taxa efectuarase no momento da presentación da correspondente factura, á persoa obrigada a realizalo.
- As débedas por este taxa, poderán esixirse por vía de constrinximento, de acordo co Regulamento Xeral de Recadación.

5. Disposición final:

A presente Ordenanza Fiscal, da que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día catro de novembro de 2022, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no B.O.P. e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de 2023, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Pobra do Brollón, 30 de decembro de 2022.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 0063

SAMOS

Anuncio

O Pleno do Concello de Samos, en sesión *ordinaria* celebrada o día 02/12/2022 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación do Regulamento de funcionamento do apartamento tutelado do Concello de Samos .

E en cumprimento do disposto no artigo 49 da lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de trinta días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Samos, 30 de decembro de 2022.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 0064

Anuncio

O Pleno do Concello de Samos, en sesión *ordinaria* celebrada o día 02/12/2022 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación do Regulamento de funcionamento das vivendas comunitarias I e II do Concello de Samos.

E en cumprimento do disposto no artigo 49 da lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de trinta días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Samos, 30 de decembro de 2022.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 0065

O SAVIÑO

Anuncio

Aprobación definitiva expediente de Modificación de Créditos 24/2022, na modalidade de Transferencia de Crédito (Expte. 1358/2022).

O Concello de O Saviño, en sesión plenaria celebrada o día 29 de novembro de 2022, aprobou o expediente de modificación de crédito 24/2022, baixo a modalidade de transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal. Exposto ao público, durante quince (15) días hábiles, despois de anuncio da dita aprobación inicial no BOP de Lugo núm. 279, do 7 de decembro do 2022, e no Taboleiro de Anuncios do Concello de O Saviño, non se presentaron reclamacións contra o mesmo, polo que queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicialmente aprobado.

En cumprimento do artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, faise público o resumo por capítulos do estado de gastos despois da aprobación da devandita modificación:

Aplicacións orzamentarias que ceden crédito				Aplicacións orzamentarias que reciben crédito			
Área Gasto	C. Económica	Concepto	Importe	Área Gasto	C. Económica	Concepto	Importe
231	22799	Asistencia social primaria. Outros traballos realizados por outras empresas y profesionais	-23.760	320	479	Administración xeral educación. Outras subv. empresas privadas	23.760
		Total	-23.760			Total	23.760

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, LRXCA.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado

O Saviñao, 30 de decembro de 2022.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0066

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA MC 23/2022. MODALIDADE SUPLEMENTO DE CRÉDITOS (EXP. 1357/2022)

Rematado o prazo de exposición pública do acordo adoptado polo Pleno desta Corporación, en sesión celebrada o 29 de novembro de 2022, no que se aprobou inicialmente o expediente de modificación orzamentaria 23/2022, na modalidade de suplemento de crédito, por un importe total de 220.200,62 euros, sen que se presentase reclamación algunha contra o mesmo, polo que se entende elevado a definitivo conforme ao disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, e que se publica conforme ao disposto no artigo 169.3 do mesmo texto legal:

Suplementos en aplicacións de gastos

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		DESCRICIÓN	
Progr.	Económica		
161	22100	Auga potable. Enerxía eléctrica.	68.912,25
165	22100	Alumeado. Enerxía eléctrica	130.036,88
312	22100	Hospitais, ss asistenciais e centros de saúde. Enerxía eléctrica	877,10
320	22100	Cultura. Enerxía eléctrica.	5.945,72
332	22100	Bibliotecas. Enerxía eléctrica	885,25
342	22100	Instalacións deportiv. Enerxía elec	8.767,31
920	22100	Admónxral. Enerxía eléctrica.	4.776,11
		Total	220.200,62
		TOTAL GASTOS SUPLEMENTO	220.200,62

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de Tesouraría do exercicio anterior, de acordó co seguinte detalle:

Suplementos en Concepto de Ingresos

Concepto	Descrición	Euros
870.00	Remanente Tesourería para Gastos Xerais	220.200,62
	TOTAL INGRESOS	220.200,62

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición. A interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

O Saviñao, 30 de decembro de 2022.- Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0067

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA MC 25/2022. MODALIDADE SUPLEMENTO DE CRÉDITOS (EXP. 1370/2022)

Rematado o prazo de exposición pública do acordo adoptado polo Pleno desta Corporación, en sesión celebrada o 29 de novembro de 2022, no que se aprobou inicialmente o expediente de modificación orzamentaria 25/2022, na modalidade de suplemento de crédito, por un importe total de 77.000,00 euros, sen que se presentase reclamación algunha contra o mesmo, polo que se entende elevado a definitivo conforme ao disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, e que se publica conforme ao disposto no artigo 169.3 do mesmo texto legal:

Orzamento de gastos

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		DESCRICIÓN	
Progr.	Económica		
150	210	Administración xral. Vivenda e urbanismo. Infraest. E bens nat.	33.874,18
330	22609	Administración xeral cultura. Actividades culturais e deportivas	27.000,00
453	213	Carreteras. Maq., Instalac. Tec. , util.	9.100,00
453	619	Carreteras. Outras inv. Rep...	7.025,82
		Total	77.000,00
		TOTAL GASTOS SUPLEMENTO	77.000,00

Esta modificación finánciase con cargo a novos e maiores ingresos procedentes da depuración da conta 554 "ingresos pendentes aplicación" sobre os previstos no orzamento vixente, de acordó co seguinte detalle:

Orzamento de Ingresos

Concepto	Descrición	Euros
399	Outros ingresos diversos	77.000,00
	TOTAL INGRESOS	77.000,00

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición. A interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

O Saviñao, 30 de decembro de 2022.- Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0068

Anuncio

APROBACION DEFINITIVA ANULACIÓN DE INGRESOS PENDENTES DE APLICACIÓN E DE SALDOS DE OBRIGAS POR DEVOLUCIÓN DE INGRESOS PENDENTES DE PAGO, ano 2001 (Expte. 1362/2022).

Con data 29 de novembro de 2022, o Pleno da Corporación aprobou inicialmente o expediente de depuración de ingresos pendentes de aplicación e de saldos de obrigas por devolución de ingresos pendentes de pago de exercicios pechados, ano 2001, para a súa posterior modificación ou baixa.

Sometido a información pública por prazo de 15 días, mediante publicación no BOP de Lugo núm. 279, de 7 de decembro de 2022, non consta a presentación de reclamacións ou alegacións ao mesmo, polo que se entende elevado a definitivo o acordo inicialmente adoptado.

O que se pon en coñecemento aos efectos de notificación, indicando que contra o devandito acordo que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer os seguintes recursos: A) Potestativo de reposición, perante o órgano que ditou este acto, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte á publicación deste acordo. B) Contencioso-administrativo, perante o Xulgado Contencioso-administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á publicación deste acordo. C) Todo elo, sen perxuizo de que poida exercer, no seu caso, calquera outro que estime procedente

O Saviñao, 30 de decembro de 2022.-O Alcalde. Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0069